



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO  
MGF/cvr  
Refª: 19x050060045  
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-1-2019

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día trinta de xaneiro dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**6/45 ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE PRESENTADA POR DONA NURIA LÓPEZ FERREIRO. MODIFICACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL, QUENDA LIBRE, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA. (PRESTACIÓN DO SERVIZO: 66,7% DA XORNADA) (OEP 2015).-**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director Xeral de Recursos Humanos, do 22 de xaneiro de 2019, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2018, adoptou entre outros, o acordo 12/669 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE EDUCADOR/A SOCIAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE EN EXECUCIÓN DE SENTENZA (PRESTACIÓN DO SERVIZO: 66,7 % DA XORNADA). INCLUÍDA NA OEP 2015, figurando como vogal titular:

“3.- Nuria López Ferreiro, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo”

Visto o escrito, presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 19 de decembro de 2018, por dona Nuria López Ferreiro, polo que solicita a renuncia como membro do Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Educador/a Social por motivo de parentesco familiar (prima carnal) con unha das persoas admitidas para a realización de ditas probas (María López Arias, DNI 34.278.163-K) así como a acreditación documental aportada por dita funcionaria.

Tendo en conta o disposto no artigo 23.2.b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, segundo a cal son motivos de abstención “Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA



CSV: RQGA4hI5sSHvCFBu5y96yg==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA

PAXINA: 1 / 3

DATAS(UTC)

04/02/2019 10:21:51

04/02/2019 10:21:52

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 19x050060045

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-1-2019

PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS), en funcións de Presidenta; Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Estimación da solicitude presentada por dona Nuria López Ferreiro, relativa á súa renuncia como membro do Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Educador/a Social pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en execución de sentenza (prestación do servizo 66,7% da xornada).

SEGUNDO.- Modificar o acordo 12/669 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2018, de xeito que o Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Educador/a Social pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en execución de sentenza (prestación do servizo 66,7% da xornada).- OEP 2015, quedará integrado polos/as seguintes membros:

Presidente/a: Marta López Peña, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo.  
Suplente: María Jesús López Vázquez, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo

Vogais:

1.- Elena Pilar Sánchez Picado, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo  
Suplente: Ana Rosa Pérez García, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo  
2.- Carmen María Fernández López, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo  
Suplente: Eva de la Fuente Morado, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo  
3.- Lucía Arrojo Reguera, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo  
Suplente: Mª Isabel Ozores Sieira, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo

Secretario: Justo Díaz Rodríguez, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo  
Suplente: María García Ferro, funcionaria A1 Habilitación Nacional, vicesecretaria do Concello de Lugo

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra.**

2

CSV: RQGA4hI5sSHvCFBu5y96yg==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA

PAXINA: 2 / 3  
DATAS(UTC)  
04/02/2019 10:21:51  
04/02/2019 10:21:52



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 19x050060045

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-1-2019

**Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**



MURALLA  
patrimonio da humanidade

CSV: RQGA4hI5sSHvCFBu5y96yg==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA

PAXINA: 3 / 3

DATAS(UTC)

04/02/2019 10:21:51

04/02/2019 10:21:52

